

MARK HADDON

O CURIOSO INCIDENTE DO CAN À MEDIANOITE





Véxoo todo.

Por iso non me gustan os sitios novos. Se estou nun sitio que coñezo, como a casa, ou o colexio, ou o autobús, ou a tenda, ou a rúa, xa vin antes case todo o que hai alí, e o único que teño que facer é mirar as cousas que cambiaron ou se moveron. Por exemplo, unha semana caera o póster do Shakespeare's Globe na clase e notábase porque o volveran pendurar un pouquiño á dereita e había tres circuliños de chinchetas na parede, no lado esquerdo do póster. E o día seguinte alguén fixera unha pintada no farol 437 da nosa rúa, que é o que está diante do número 35, e poñía CROW APTOK.

Pero a maioría da xente é preguiceira. Nunca mira todo. Fai o que se chama botar unha ollada, que é como bater contra algo e continuar practicamente na mesma dirección, igual que cando unha bóla de billar bate noutra bóla de billar. E a información que teñen na cabeza é moi simple. Por exemplo, se están no campo sería:

1. Estou de pé nun campo que está cheo de herba.
2. Hai algunhas vacas nos campos.
3. Vai sol e hai algunhas nubes.
4. Na herba hai algunhas flores.
5. Ó lonxe hai unha aldea.
6. Ó final do campo hai un valo, e ten unha cancela.

E entón deixarían de reparar en todo porque estarían pensando cousas como: "Oh, que bonito é isto", ou: "Non sei se non me quedaría o gas aberto", ou "Julie daría xa a luz?"¹

Pero se eu estou de pé nun campo reparo en todo. Por exemplo, lembro estar nun campo o xoves 15 de xuño de 1994 porque Pai, Nai e eu iamos no coche a Dover para coller o transbordador

¹ Isto é completamente certo, porque lle preguntei a Siobhan en que pensaba a xente cando miraba para as cousas e isto foi o que dixo.

a Francia e fixemos o que Pai chamaba “Coller a ruta pintoresca”, o cal quere dicir meterse por estradas secundarias e parar a comer nalgunha taberna con xardín, e eu tiven que parar para facer pis e metinme nun campo con vacas e despois de facer pis parei e mirei o campo e reparei nestas cousas:

1. No campo hai 19 vacas, das cales 15 son negras e brancas e 4 son marelas e brancas.

2. Ó lonxe hai unha aldea que ten 31 casas visibles e unha igrexa cunha torre cadrada e sen agulla.

3. No campo hai lombas, o cal significa que na Idade Media era o que se chamaba un campo en tenza, e cada un dos habitantes da aldea tiña a súa tenza para traballala.


4. No valo hai unha vella bolsa de plástico de Asda, unha lata de Coca Cola esmagada cun caracol enriba e un anaco longo de cordel laranxa.

5. A esquina nordeste do campo é a máis elevada e a suroeste é a máis baixa (tiña un compás porque iamos de vacacións e quería saber onde estaba Swindon cando estivésemos en Francia), e o campo está lixeiramente dobrado cara abaixo ó longo da liña que hai entre esas dúas esquinas, de xeito que a esquina noroeste e sueste están lixeiramente máis baixas do que estarían se o campo fose un plano inclinado.

6. Vexo tres clases diferentes de herba e flores de dúas cores na herba.

7. Case todas as vacas están mirando outeiro arriba.

E había 31 cousas máis na lista de cousas en que reparei, pero Siobhan dixo que non era preciso que as anotase todas. E iso significa que me resulta moi cansado estar nun lugar novo porque vexo todas esas cousas, e se alguén me preguntase despois como eran as vacas, podería preguntar cal delas, e podería debuxalas na casa e dicir que unha vaca en concreto tiña manchas así:





TÍTULO: *O curioso incidente do can á medianoite*
AUTOR: Mark Haddon
TRADUTOR: Moisés Barcia
EDITORIAL: Rinoceronte Editora
COLECCIÓN: Nova
PÁXINAS: 290

O AUTOR

Mark Haddon, escritor, ilustrador e guionista, naceu en 1963 en Northampton (Reino Unido). Licenciado en Literatura Inglesa e autor de máis dunha vintena de libros xuvenís, gañou dúas veces os prestixiosos premios BAFTA da Academia Inglesa de Cine e Televisión. Durante moito tempo traballou con persoas que padecían discapacidades físicas e mentais, e adquiriu así o coñecemento sobre o autismo que despois aplicaría con moito acerto nesta obra.

O ARGUMENTO

O curioso incidente do can á medianoite conta unha historia con trazas de novela policial dende o punto de vista dun rapaz con síndrome de Asperger, na que se entrelazan coñecementos matemáticos, físicos e mesmo astronómicos.

O protagonista, Christopher Boone, é un mozo de 15 anos experto en ciencias e matemáticas. Coñece as capitais de todos os países do mundo e os números primos ata o 7507, pero ten dificultades para relacionarse con outras persoas.

Unha noite, Christopher descobre o cadáver de Wellington, o can da veciña, atravesado por unha forca de xardín, polo que decide iniciar unha investigación para descubrir quen foi o seu asasino.

Mentres leva a cabo as súas pescudas, que vai rexistrando nun caderno, tal e como lle propón a súa profesora Siobhan, Christopher irá cuestionando a lóxica que guía o mundo que o rodea e desvelará certos misterios que alterarán para sempre a súa metódica e ordenada vida.

O TRADUTOR

Moisés Barcia naceu en 1971 en Moaña. É un recoñecido tradutor e editor galego. Licenciouse en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e traduciu á nosa lingua obras tan salientables coma *Oliver Twist*, *O señor dos aneis* ou *O Hobbit*.



COÑECEMOS OS TEA

Algunha vez oíches as siglas TEA? Fan referencia ós Trastornos do Espectro do Autismo. Son un conxunto de condicións que afectan ó desenvolvemento neuronal e ó funcionamento do cerebro, polo que dan lugar a dificultades na comunicación e na interacción social en distintos contextos, uns padróns de comportamento repetitivos e restritivos, teimas por certos intereses ou actividades e outras manifestacións que varían segundo a persoa.

Está comprobado que as persoas con TEA posúen unha forma diferente á dos demais de ver o mundo. En concreto, os

diagnosticados con síndrome de Asperger caracterízanse por percibir o seu contorno dun xeito moi lóxico e impersoal, coma Christopher. A súa tendencia a utilizar a lóxica en todo momento pode facer que alcancen un nivel moi alto nas súas capacidades profesionais, polo que non é raro que destaquen polos seus grandes éxitos.

O actor Anthony Hopkins, a activista Greta Thunberg, o director de cine Steven Spielberg, o dono de Microsoft Bill Gates ou Satoshi Tajiri, o creador do mundo Pokémon, son só algúns dos persoeiros famosos diagnosticados con esta síndrome.

O MISTERIOSO CASO DO CADERNO ROUBADO

Christopher desvelou o misterio do can asasinado e anotou o nome do culpable no seu caderno, pero hoxe ás 10:00 rou-

báronllo! Estas son as coartadas dos seus compañeiros para esa hora, pero, ollo, un deles mente! Adiviña quen é o culpable!

Eu estaba entrando pola porta. Dixéronme o do roubo ós berros porque levaba os cascos postos e non me decatara de nada.

MARTIÑO

Eu nese intre estaba no baño. Manchara a camisola de zume e estaba a lavala a ver se lle saía a mancha.

Eu realmente non tiña que estar nesta clase, pero vinlle deixar a Raúl os meus apuntamentos de Xeografía para o exame do venres.

XIANA

FABIOLA

Eu estaba no corredor, deixando o móbil no meu armario, porque non podemos entrar na aula con dispositivos electrónicos.

Eu estaba na biblioteca buscando unha información en Internet. Descubrí que roubaran o caderno cando regresei á aula.

ABRAHAM

LOIS

O ENIGMA DAS CASAS

Na rúa de Christopher viven 5 persoas de nacionalidades diferentes. A cada unha gústalle unha bebida e unha comida concretas, e teñen cadansúa mascota. Adiviñas quen vive en cada casa?

1. Sarah é británica e vive na casa vermella.
2. Even é sueco e ten un can de mascota.
3. Ania é rusa e encántalle tomar té mentres ve carreiras de hípica.
4. Miranda é ecuatoriana e vive na casa laranxa.
5. Frederick é alemán e devora pizzas.
6. Quen vive na casa verde toma moito café e ten un hámster.
7. Quen pasa o día comendo croquetas ten catro papagaios.
8. Quen vive na casa laranxa non fai máis ca comer flans.
9. Quen vive na casa vermella só bebe leite.
10. A persoa a quen lle encantan as ensaladas vive preto de quen ten un gato.
11. Quen ten un cabalo vive ó lado de quen come moitos flans.
12. Hai alguén que adora e comer hamburguesas acompañadas dun refresco.
13. Quen come ensaladas vive a carón da persoa que só bebe auga.

CASA	laranxa	azul	vermella	verde	amarela
NOME					
PAÍS					
MASCOTA					
BEBIDA					
COMIDA					

IMOS MÁIS ALÁ?

ATÍPICO

(2017) – Serie dispoñible en Netflix +12

Sam é un adolescente diagnosticado cun trastorno do espectro autista. Cando decide volverse máis independente e comezar relacións con outras persoas, prodúcense importantes cambios na súa familia e todos se terán que adaptar a esta nova situación.

LUPIN

(2021) – Serie dispoñible en Netflix +12

Assane Diop é un ladrón de guante branco que evoca as fazañas de Arsène Lupin, o seu personaxe de ficción favorito. Co disface, o engano e múltiples habilidades consegue vingar a morte do seu pai a mans dun magnate parisiense.